

# Para a mar, amar

**ARMANDO REQUEIXO**  
armandorequeixo@hotmail.com



**A MAR, AMAR**  
XOSÉ LUNA  
Editorial Bolanda

A mar, amar como quen mergulla no fondo abisal do océano da vida. Así sente o escritor estradense Xosé Luna o pálpito da memoria que o acompaña dende pereiriño.

Pereiriño agora medrado que publica *A mar, amar* (Edicións Bolanda) e que medrou vogando nas illas dos aloumiños, nos cons dos soños, entre palabras de mar e de amor.

Amor que anega todo este álbum ilustrado, amor de plenilunios e de amizades, amor de garatuxas, algodóns e todos os afectos.

Afectos polo mar do solpor, mar de arnela e de bonanza, mar aberto de barlovento interior, auras e chuchameles, mar namorado de beixos soñados.

Soñados bicos dun mundo mellor, lonxe dos mares pateira, das noites escuras e das travesías fuscas, das lúas crebadas, das cicatrices eternas e das esvaídas arelas.

Arelas de gamelas azuis da infancia, dos ventos mareiros que anainan os golfiños e os arroaces, as nasas calmas e os versos que fondean nos baixíos.

Baixíos que liberan correntes de empatía, correntes do golfo que deitan nas praias todas e bican os areais da Punta de Estaca de Bares, do Cabo Ortegal e o Cabo Fisterra, do Cabo Prior e da Punta Abelleira, de Touriñán e Silleiro, tamén Vilán e Corrubedo, mascaróns de innúmeros segredos.

Segredos acubillados no mar da Arousa, luz de hipocampos e de ourizos Supertramp, mariñeiros que apañan haikus nas súas nasas e nimban a mar infinda no alborexar.

Alborexar e reverberar e zoar e irisar na pátina dos pélagos da ilusión, xerfas dos días de luz, cheos de música do corazón, do gurgullar das ánimas a lembrar.

Lembrar as apertas oceánicas, as liñas do horizonte que se evaden, o escintilar dos nautas na alta mar, o rilar invencible da esperanza.

Esperanza que singra os mares lonxincuos e as terras do Golfo Pérsico, o Canal de Suez, Civitavecchia, o Hudson, Brooklyn, o Bronx, o Mar de China, o Bora Bora, o Otemanu e o Mar das Antillas, tamén as dondas rías e as ínsulas imaxinadas, unha ardora de tenrura que é chafariz de palabras.

Palabras de Xosé Luna, que moven e conmoven, que acougan e que arroupan, que enfeitizan e



Xosé Luna

agariman, sempre e mais despois na mallante dos recordos.

Recordos e vivencias que a ilustradora do libro, Olaya Naveira, espella en imaxes fulgurantes, explosión de azuis sen fin, texturas e liñas e luces e sombras como instantáneas reverso das verbas do poeta.

Poeta mareiro, poeta soñador, poeta lunar este Xosé Luna, que atraca nas radas de Bolanda, a editorial onde todos os milagres son posibles e cobran forma de álbum de ensoños, de libro de trobar agradecido e versos en ronsel.

Ronsel de namorar, ronsel de abenzoar, ronsel para dicir, Xosé Luna, parabéns por esta festa literaria que é *A mar, amar*, libro que arestora me presta saudar e ao que desexo a mellor das singraduras.

“Baixíos que liberan correntes de empatía, correntes do golfo que deitan nas praias todas e bican os areais da Punta de Estaca de Bares, do Cabo Ortegal e o Cabo Fisterra, do Cabo Prior e da Punta Abelleira, de Touriñán e Silleiro, tamén Vilán e Corrubedo,,,”